

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36003959	CEIP Manuel Rodríguez Sinde	A Guarda	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	6
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	8
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	10
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro (en lila os obxectivos da lei e en azul a adaptación)

OBXECTIVOS INFANTIL

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

Observar as similitudes e diferenzas entre o alumnado de xeito que tomen consciencia dos elementos comúns e despertar a actitude de respecto. Fomentar o coñecemento do propio corpo e das súas capacidades e posibilidades de mellora.

Valorar a diversidade funcional, as súas necesidades e as súas potencialidades.

b) Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.

Descubrir paulatinamente a contorna que arrodea ao alumnado de xeito manipulativo e vivencial. Implicar ás familias no proceso de ensino e achegarse a manifestacións culturais próximas axeitadas ao desenvolvemento do alumnado.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

Promover a autonomía do alumnado nas tarefas cotiás e fomentar a colaboración coa familia na asunción de tarefas axeitadas á idade no fogar partindo das capacidades de cada alumno ou alumna.

d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.

Animar a manifestación de sentimentos propios e despertar a empatía cara os demais.

Traballar o coñecemento propio e xestión emocional, de xeito que se adquiran un concepto de si mesmo e autoestima axeitados.

e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Promover o diálogo como medio de resolución de conflitos coa colaboración de persoas adultas que guíen o proceso valorando a diferenza entre as persoas como algo positivo e enriquecedor.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

Achegarse ás posibilidades expresivas tanto das linguaxes orais coma das linguaxes plástica, musical, corporal,... con apoio visual, auditivo ou coa axuda de SAACs cando sexa preciso.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico- matemáticas, na lectoescritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

Achegar ao alumnado a estes campos a través da manipulación e a experimentación relacionados con actividades e realidades cotiás para o alumnado cos apoios necesarios e partindo das capacidades de cada alumno e alumna.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

Aplicar nas rutinas escolares as normas sociais establecidas así como evitar agrupacións por sexo e paliar os estereotipos e condutas de carácter machista. Desenvolver actividades que fomenten a igualdade e diminúan a fenda de xénero.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Partir da cultura, lingua e características físicas e sociais máis inmediatas para achegarse pouco a pouco a un coñecemento da realidade galega nestes aspectos.

OBXECTIVOS PRIMARIA

a)¿Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Procurar implicar ao alumnado na toma de decisións en asuntos que estean ao seu alcance e lle afecten directamente. Tentar que en determinados intreos as nenas e nenos colaboren no establecemento de normas consensuadas a cumprir e nas consecuencias do desacato ás mesmas.

Achegar ao alumnado a diferentes culturas, principalmente aquelas que amosen unha maior presenza na contorna do centro.

Fomentar o debate e o contraste de opinións na procura da posta en valor da pluralidade sempre dentro do marco democrático e o respecto ás opinións dos demais.

b)¿Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

Potenciar as capacidades propias de cada alumna e alumno de xeito que incrementen a seguridade en si mesma/o e a partir de aí fomentar a iniciativa persoal e o espírito emprendedor e potenciar a curiosidade, interese e creatividade innatas na infancia partindo de situacións de aprendizaxe ambientadas na contorna próxima.

c)¿Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Establecer a figura do mediador ou mediadora que trate de tender pontes entre as partes en conflito na procura de solucións dialogadas.

Realizar análises sociolóxicas dentro dos grupos na procura de liderados, potenciando os positivos e paliando os negativos, do mesmo xeito que se trata de detectar e combater rexeitamentos e posibles acosos, potenciando tarefas de aprendizaxe-servizo que nos axudan a participar e mellorar o benestar da sociedade na que vivimos.

d)¿Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

Fomentar o coñecemento da diversidade existente na sociedade a través de diversas actividades de xeito que comprendan a variedade de culturas e formas de ser que existen e son igual de válidas sempre que respecten os dereitos humanos partindo da premisa de que o que non se coñece non se respecta.

Coñecer as identidades e orientacións sexuais para descubrir as posibilidades existentes e a necesidade de respectar as realidades individuais valorando a diferenza como riqueza cultural.

e)¿Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e a galega e desenvolver hábitos de lectura.

Fomentar o amor pola lingua galega e o seu uso posto que é a menos coñecida e empregada polo alumnado e ofrecer un repertorio de bibliografía de calidade adaptada ás distintas idades valorando esta como patrimonio inmaterial que empodera e revaloriza o noso acervo cultural, usando apoios visuais, auditivos ou SAACs de ser necesario.

f)¿Adquirir en, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Fomentar o coñecemento e uso do inglés en situacións cotiás mellorando a competencia lingüística que favoreza a autonomía comunicativa do noso alumnado, de xeito oral, escrito ou cos apoios necesarios.

g)¿Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran da realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

Promover o desenvolvemento da competencia STEAM fomentando o achegamento a estes coñecementos a través de diversas metodoloxías e de xeito manipulativo e experimental na medida do posible, respondendo ás necesidades, capacidades e potencialidades do noso alumnado.

Buscar aplicacións prácticas aos coñecementos adquiridos de xeito que se favoreza o desenvolvemento das competencias ALFIN e AMI tan necesarias na era dixital actual.

h)¿Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, a Historia e a Cultura

Partir da realidade máis próxima ao alumnado e, deste xeito, achegarse pouco a pouco aos aspectos xerais de todas estas materias, utilizando os recursos e adaptacións necesarias para dar resposta á diversidade do noso alumnado.

Potenciar o coñecemento e posta en valor da cultura do pobo guardés e do galego sen prexuízo do resto de culturas, valorando a importancia do coñecemento, conservación e revalorización do patrimonio material e inmaterial herdado dos nosos devanceiros e devanceiras.

i)¿Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

Desenvolver as capacidades de emprego das novas tecnoloxías achegándose á súa linguaxe, facilitando coñecer os seus códigos internos e iniciando a capacidade de procura e tratamento da información que estes achegan dun xeito crítico de acordo á idade do alumnado, fomentando o desenvolvemento do espírito crítico, con apoio de recursos específicos de acceso, en caso necesario, na busca da equidade, de xeito que se favoreza o traballo autónomo no uso das tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento.

j)¿Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Coñecer manifestacións artísticas propias do pobo ao que pertencen e, partindo destas, comezar a descubrir outras de culturas.

Adquirir coñecementos teóricos e prácticos que permitan establecer unha base para que posteriormente o alumnado comece a realizar as súas propias producións de carácter artístico apoiándose nas diversas tecnoloxías audiovisuais para fomentar o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade.

Valorar as diferentes representacións artísticas creadas por persoas autoras de diversidade de culturas, sexos, etnias, razas, relixións, idiomas...

Elaborar diversas obras artísticas partindo de temáticas como a igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos, a contaminación...

k)¿Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Establecer en diversidade de momentos como poden ser as merendas, os recreos, as actividades complementarias e extraescolares, etc. hábitos saudables en canto á alimentación, o lecer e a actividade física, os xogos, a hixiene,... que promovan rutinas acordes co desenvolvemento do estado de benestar.

Procurar contrarrestar as actitudes excesivamente competitivas e promover actividades e xogos cooperativos e inclusivos nos que se potencien a axuda mutua e a colaboración cara a consecución dun obxectivo común.

Valorar a diversidade de formas no físico das persoas, entendendo e respectando esta como parte da personalidade de cada un.

l)¿Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

Fomentar o amor pola natureza, o ecoloxismo e o coidado do medio.

Tomar consciencia dos males que ameazan á flora e fauna que nos arrodea e ao planeta en xeral e fomentar medidas que os palien poñendo en valor a nosa contorna natural, así como a importancia do seu coidado por todo o que esta nos achega.

m)¿Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos los ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Poñer en coñecemento do alumnado os dereitos afectivos que posúen e traballar na toma de consciencia e expresión dos propios sentimentos así como a empatía cara aos das demais persoas, a xestión e autorregulación emocional, tolerancia á frustración así como o respecto e axuda ás demais persoas en situación de crise.

Fomentar a colaboración nas tarefas domésticas e a corresponsabilidade no fogar.

Loitar contra calquera tipo de discriminación e desigualdade por razón de xénero.

n)¿Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Promover o uso de camiños escolares seguros e dotar ao alumnado de ferramentas e coñecementos para ser un peón ou peoa responsable e con hábitos de seguridade viaria, fomentando a importancia dun traballo colaborativo para o benestar de todos e todas, así como a necesidade de prestar axuda a quen o necesite .

b) A contribución á adquisición das competencias

CCL: competencia en comunicación lingüística.

Promoverase o desenvolvemento da expresión escrita e oral a través da produción de textos literarios de diverso tipo e da exposición oral de diversidade de creacións destacando a participación na radio escolar nos cursos máis altos e na intervención diaria nas asembleas, de ser o caso.

Tratarase de desenvolver a capacidade comunicativa naqueles casos de discapacidade que dificulte a mesma.

Fomentar o diálogo entre iguais como medio efectivo de coordinación, cooperación e resolución de conflitos.

Procurarase espertar o espírito crítico e o inicio da toma de consciencia da posverdade encamiñado a contrastar a información na procura da veracidade.

Traballamos o desenvolvemento desta competencia cando expresamos opinións, debatemos, chegamos a acordos, explicamos procesos, expoñemos traballos... propios de actividades en equipos e da aprendizaxe cooperativa. Pero tamén cando realizamos enquisas ou informes, elaboramos folletos ou correos electrónicos...

Ademais, tamén desenvolvemos a competencia en comunicación lingüística cando facemos actividades na Biblioteca Escolar como: voluntariado lector, acompañamento lector ou a radio escolar.

CP: competencia plurilingüe.

Procurarase que o alumnado desenvolva unha competencia lingüística en ambas linguas oficiais ao remate da etapa sen prexuízo de que adquira os coñecementos encamiñados a lograr as destrezas comunicativas en lingua inglesa ao remate da educación primaria.

Ao remate da etapa procurárase que o alumnado domine unhas destrezas básicas na comunicación e na propia aprendizaxe.

Son de interese neste eido programas como as Seccións Bilingües ou o de Auxiliares de conversa. Ademais, a radio axuda a experimentar en especial a expresión oral nos distintos idiomas

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Fomentárase esta competencia a través da resolución de problemas cotiás de xeito que o alumnado investigue e aplique coñecementos destes campos científicos.

Tratarase de realizar actividades do mundo da robótica.

Procurárase a eliminación de prexuízos relativos á presenza da muller no ámbito laboral das enxeñarías e das tecnoloxías informáticas.

Tratarase de que o alumnado descubra as potencialidades da tecnoloxía cara a unha vida mellor e a diminución de barreiras físicas, lingüísticas, comunicativas,...

Poden ser de interese programas como Radio na biblio, Plans da Consellería, Polos creativos, etc.

CD: competencia dixital.

Fomentárase a realización de actividades encamiñadas ao coñecemento técnico das TIC axeitado ao nivel do alumnado que permita o emprego destas tecnoloxías para a procura, selección e tratamento da información.

Tratarase de iniciar ao alumnado na creación de contidos de tipo dixital (curtametraxes, presentacións, dobraxes, programación básica de ser o caso,...)

Empregaranse recursos tecnolóxicos para facilitar por unha banda a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais e por outra a comunicación con tódalas familias.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Fomentar o coñecemento propio en canto a capacidades, posibilidades e puntos febles, como punto de partida dos procesos de mellora e enriquecemento persoal.

Colaborar na adquisición de habilidades de resiliencia, autocontrol e xestión das emocións e emprego destas nas relacións interpersoais.

Fomentar a autonomía persoal encamiñada ao desenvolvemento da capacidade de construción individual dos propios coñecementos propoñendo actividades (resumos, exposicións, esquemas, informes, representacións gráficas,...) que faciliten a posterior adquisición de aprendizaxes de xeito autónomo.

CC: competencia cidadá.

Coñecer o funcionamento da convivencia e as normas e valores democráticos así como iniciarse no coñecemento dos seus dereitos e deberes como cidadá e como membro de diversos colectivos e fomentar a asunción de responsabilidades.

Promover o diálogo e a negociación como medios de resolución de conflitos.

Fomentar valores coma a tolerancia, a igualdade, o respecto, a posta en valor da diversidade en todos os seus aspectos, o ecoloxismo,...

Procurárase poñer en marcha patios inclusivos que promovan a inclusión de todas as persoas independentemente da diversidade de capacidades e a interrelación persoal así como promover a empatía e a axuda ás demais persoas.

CE: competencia emprendedora.

Motivar ao alumnado de cara a procura de solucións anovadoras e creativas a problemas da vida cotiá.

Promover a posta en práctica de aprendizaxes encamiñadas á análise e avaliación da contorna de cara a súa mellora.

Participar no diálogo e na toma de decisións, organización e asunción de responsabilidades, diálogo e debate e nos procesos de planificación e xestión de proxectos e actividades levadas a cabo de acordo ás súas capacidades.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

Achegarse a expresións culturais de todo tipo e procedencia partindo nun primeiro momento daquelas que lle son máis próximas ao alumnado.

Realizar saídas ou actividades complementarias na comarca, co fin de coñecer as características propias da nosa cultura e da nosa contorna: a pesca, o mar, os castros, a música...

Comezar a descubrir a intención comunicativa das creacións artísticas axeitadas á idade do alumnado.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Comprensión da lectura

- Escoller textos axeitados á idade.
- Procurar temáticas de interese do alumnado e aquelas relacionadas co proxecto integral de biblioteca.
- Promover a posta en valor da lingua galega.

Expresión oral e escrita

- Fomentar actividades que impliquen o uso da lingua oral en traballos, debates, investigacións, produtos finais,...
- Promover o uso do galego en diversidade de situacións.
- Empregar a radio escolar como elemento motivador de cara á redacción e exposición oral de distintos tipos de texto.
- Fomentar o emprego dunha linguaxe inclusiva e non sexista.

Comunicación audiovisual

- Desenvolver habilidades de manexo de equipamentos tecnolóxicos de diversa índole.
- Realizar actividades de creación de produtos audiovisuais coma curtametraxes, podcasts, dobraxes,...
- Coñecer a normativa relativa aos dereitos de autor e aplicala nas producións realizadas.

Competencia dixital

- Empregar a aula virtual como centro de recursos e actividades.
- Promover a realización de actividades de aprendizaxe a través das TIC sen prexuízo das de outro tipo.
- Achegar ao alumnado ás potencialidades pero tamén os perigos que implican as redes sociais e as TIC en xeral.

Fomento da creatividade

- Promover actividades abertas que impliquen a posta en práctica dos coñecementos adquiridos pero tamén da innovación, a imaxinación e, en definitiva, a creatividade.

- Favorecer a expresión de sensacións e sentimentos a través de diversos medios.

Espírito científico e do emprendemento

- Incluir actividades que supoñan a resolución de problemas cotiás de xeito autónomo, imaxinativo e creativo.

- Incluir actividades que fomenten a autonomía persoal sen prexuízo doutras que impliquen a toma de decisións de xeito colaborativo e dialogado.

Igualdade entre mulleres e homes

- Evitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles

que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

- Empregar unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que

sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

- Promover, na medida do posible, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

- Achegarse á figura de mulleres relevantes en ámbitos variados da cultura e da ciencia.

- Eliminar estereotipos relativos a aspectos como vestimentas, profesións, xogos, afeccións, gustos,...

Educación para a paz

- Procurar aprendizaxes relativos á prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable

- Traballar as parcelas da Horta de Elsa de xeito ecolóxico e sustentable.

- Realizar actividades de toma de consciencia da cantidade de residuos que se xeran e propostas para a súa redución.

- Fomentar os 3 R.

- Establecer pequenas medidas que colaboran na sustentabilidade (redución no consumo de auga, electricidade e calefacción).

- Establecer actividades que poidan poñer ao descuberto hábitos de consumismo excesivo xerais ou propios.

Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual

- Traballar actividades encamiñadas á percepción dos sentimentos propios e a súa manifestación así como a empatía co resto de persoas.

- Propoñer certas actividades que faciliten a toma de consciencia da diversidade en canto ás orientacións sexuais e aos gustos propios e alleos desde o respecto e a tolerancia.

- Ofertar o coñecemento de actividades de lecer saudables e poñer en relevancia hábitos prexudiciais para a saúde.

- Realizar actividades que fomenten as merendas saudables, tanto no propio centro coma no exterior, o coñecemento

das distintas clases de nutrientes e dos grupos de alimentos e os seus beneficios e danos para a saúde.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Á hora de establecer os criterios para o establecemento da metodoloxía a empregar terase en conta o seguinte:

- A metodoloxía debe ser adaptada ás necesidades e características do alumnado ao que vai destinada, de xeito que facilite a adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos establecidos.
- Priorizaranse aquelas metodoloxías máis activas e globalizadoras que promovan a experimentación, a investigación e o descubrimento partindo dos intereses, coñecementos e capacidades do alumnado.
- Procurarase que a metodoloxía sexa comunicativa, inclusiva, activa e participativa.
- Estableceranse actividades e proxectos que procuren a resolución de problemas da vida real.
- Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e estableceranse aquelas medidas que permitan o acceso aos contidos de ser preciso.
- Os horarios estableceranse, na medida do posible, en función da metodoloxía.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

- Primarase a escolla daqueles que fomenten a investigación e a resolución de problemas de xeito activo e que promovan a participación.
- Tratarase de dar cabida na actividade docente a aparellos e dispositivos electrónicos e informáticos que melloren a competencia dixital do alumnado e faciliten o acceso á información e o coñecemento destas tecnoloxías.
- - Empregarase a aula virtual do centro como centro de recursos, actividades e e fomentarse o uso da mesma por parte do alumnado.
- En educación infantil non se empregarán libros e en primaria o seu uso será a elección do profesorado pero, en caso de uso, alternarase con outros materiais enfocados na adquisición das competencias clave e axeitados á metodoloxía establecida.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non aplicable nestas etapas.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

- Escolleranse aquelas actividades que se consideren idóneas para a mellora curricular do alumnado de entre aquelas ofertadas por diversas asociacións, entidades ou empresas adaptadas á idade do alumnado.
- Terase en conta o proxecto de biblioteca anual para seleccionar actividades que se adaptan ao elemento motivador de ser posible.
- Darase prioridade a aquelas actividades que mellor se adapten aos intereses do alumnado.

- Procurarase que as actividades sexan inclusivas e adaptadas ás diversas capacidades.
- Tratarase de levar a cabo actividades que promovan a igualdade de xénero, o coñecemento e posta en valor da diversidade de todo tipo e da empatía.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Cando se detecte que unha alumna ou alumno non acadou os CA establecidos de xeito significativo, realizarase un traballo individualizado na procura de paliar as carencias observadas. Para isto estableceranse actividades de reforzo e tratarase de implicar á familia na medida do posible na valoración positiva das calidades e das posibilidades de mellora.

De ser preciso, intervirá o Departamento de orientación para establecer modificacións non significativas na metodoloxía, recursos ou acceso á información, etc.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente poderán ser recuperados de cara á avaliación final.

Valorarase a necesidade de establecer actividades ou traballos complementarios de cara á consecución dos criterios non acadados.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

No caso do alumnado que, excepcionalmente permaneza un ano máis no mesmo curso, o profesorado titor recollerá no informe existente ao efecto os datos máis relevantes do proceso de ensino levado a cabo así coma aquelas carencias que implicaron a repetición.

Pola súa parte a nova mestra ou mestre deberá analizar a información achegada para establecer as medidas que se consideren idóneas para a consecución dos obxectivos e competencia clave establecidos. Do mesmo xeito, recollerá no informe a evolución do proceso, os resultados obtidos coas medidas establecidas e os logros acadados polo alumno ou alumna.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios xerais para a avaliación.

Trimestralmente celebrarase unha reunión de avaliación presidida pola titoría e á que acudirá o profesorado que imparte docencia no grupo así como unha representación do Departamento de orientación e da Xefatura de estudos de ser posible. Nela tratarase a evolución do grupo e de cada caso particular poñendo especial atención ao alumnado que non evoluciona favorablemente. Os datos máis relevantes serán recollidos na acta de avaliación empregando o modelo existente ao efecto.

Criterios de promoción.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do

proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá

sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor e os seguintes criterios:

¿ Grao de adquisición das competencias clave.

¿ Adquisición dos obxectivos mínimos.

- ¿ Aspectos emocionais e de inclusión no grupo.
- ¿ Beneficios da repetición para a alumna ou alumno.
- ¿ Nivel de partida e evolución da alumna ou alumno.
- ¿ Análise xeral dos grupos de referencia e daquel ao que pasaría a formar parte.
- ¿ Información da persoa titora.
- ¿ Información do D.O.
- ¿ Información obtida nas entrevistas coa familia.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non corresponde en educación primaria e infantil

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

As programacións didácticas serán elaboradas na aplicación PROENS seguindo os apartados que esta inclúe. Unha vez aprobadas pola inspección educativa trala supervisión do equipo directivo, serán colgadas na web do centro para estar á disposición das familias que serán avisadas da súa existencia.

Nas reunións de inicio de curso o profesorado poderá informar dos aspectos máis relevantes destas, principalmente dos obxectivos establecidos e da metodoloxía a seguir.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Anualmente valorarase a pertinencia de participación naqueles programas, plans e proxectos ofrecidos pola Consellería ou por asociacións, entidades ou organismos tendo en conta que estes deben supoñer unha repercusión positiva o desenvolvemento do proceso de ensino en xeral.

Actualmente participase en Contratos Programa, sección bilingüe, Voz Natura, auxiliares de conversa, PLAMBE, PFPP e en cursos pasados en programas internacionais coma Erasmus+ ou EduExchanges.

Valorarase a repercusión do programa, plan ou proxecto nos seguintes eidos:

- Rendemento do alumnado.
- Adquisición das competencias do alumnado.
- Formación do profesorado.
- Impacto económico.
- Beneficios para a comunidade educativa.
- Avaliación dos mesmos en cursos anteriores.
- Calidade educativa do centro.

- Captación de alumnado.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

En canto á propia concreción valoraranse as seguintes cuestións:

- A concreción curricular resulta un instrumento útil para establecer a idiosincrasia propia do centro educativo?
- A concreción de obxectivos é realista e adaptada ás características do centro?
- Establece pautas axeitadas cara a consecución das competencias clave?
- Os criterios establecidos en canto a elementos transversais, metodoloxía, materiais e recursos e o deseño de actividades complementarias son realistas, operativos e adecuados á realidade do colexio?
- A planificación xeral do proceso dos plans de reforzo, recuperación ou repetición?realiza achegas de cara ao seu obxectivo e facilita a coordinación entre o profesorado?
- Os criterios de avaliación e promoción son operativos e realistas?
- A concreción curricular foi aplicada ao longo do curso? En caso negativo, por que motivo?

A partir destas reflexións propoñeranse modificacións para promover a mellora constante da propia concreción curricular.